



Repsol e a Xunta impulsan iniciativas de economía circular para avanzar na descarbonización

- Repsol e a Vicepresidencia segunda da Xunta de Galicia asinaron hoxe un protocolo xeral de colaboración para fomentar a economía circular, promovendo a recollida de aceite de cociña usado doméstico nas estacións de servizo do grupo Repsol que se adhiran a esta iniciativa en Galicia e cuxa campaña, comezará antes de final de ano.
- O Director Xeral de Transformación Industrial e Economía Circular de Repsol, Juan Abascal, destacou a importancia deste proxecto para a transición enerxética en Galicia, xa que a economía circular é un dos principais eixos da descarbonización, tamén na transformación dos complexos industriais de Repsol para alcanzar as cero emisións netas en 2050.
- A Vicepresidenta segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta, Ángeles Vázquez, puxo fincapé na importancia da colaboración público-privada e na procura de sinerxias entre as administracións e os axentes económicos e sociais para actuar conxuntamente para implantar a economía circular na Comunidade.
- Natalia Barreiro, Directora do Complexo Industrial da Coruña, destacou a evolución da refinería que fabrica desde 2021 combustibles renovables a partir deste tipo de aceites, subliñando o seu papel fundamental como motor socioeconómico de Galicia.

Repsol e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asinaron un protocolo de colaboración co fin de impulsar a transición enerxética en Galicia, promovendo accións de economía circular na Comunidade, como a recollida de aceite de cociña usado doméstico en estacións de servizo do grupo Repsol. Este acordo marca o primeiro fito desta iniciativa, co apoio e compromiso institucional a nivel autonómico, estando previsto o inicio da campaña antes de que finalice o ano. Ao acto de firma, celebrado no Complexo industrial de Repsol na Coruña, asistiron a Vicepresidenta segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez; o Director Xeral de Transformación Industrial de Repsol, Juan Abascal; o Delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor; a Directora da refinería coruñesa, Natalia Barreiro e a Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Sagrario Pérez.

O Director Xeral de Transformación Industrial de Repsol destacou a importancia desta iniciativa que hoxe se asinou porque permitirá aos cidadáns contribuír á circularidade en Galicia, coa revalorización dun residuo como o aceite de cociña doméstico para a fabricación de combustibles renovables. Juan Abascal incidiu no obxectivo de Repsol de ser unha compañía cero emisións netas en 2050, apostando por un modelo que aúna varias opcións tecnolóxicas, como o combustibles renovables e outros produtos de baixa ou nula pegada de carbono, un dos seus piares para transformar os seus complexos industriais en polos multienerxéticos descarbonizados.





A Vicepresidenta segunda, Ángeles Vázquez, resaltou a importancia da colaboración público-privada e a procura de sinerxias entre as administracións e os actores económicos e sociais para actuar conxuntamente e implementar unha economía circular. Vázquez destacou que esta iniciativa está dentro da Estratexia Galega de Economía circular aprobada polo goberno galego en 2019. No encontro, Ángeles Vázquez tamén destacou o compromiso de Repsol na loita contra o cambio climático con proxectos que contribúen ao desenvolvemento de modelos enerxéticos sostibles.

Natalia Barreiro, pola súa banda, trazou a evolución da refinería, pioneira na produción de biocombustibles e que fabrica desde 2021 combustibles renovables a partir deste tipo de aceites. Así mesmo indicou que a transformación industrial na que o Complexo industrial atópase inmerso xira ao redor da eficiencia enerxética, á economía circular con incremento da produción de biocombustibles e outros produtos de menor pegada de carbono no Complexo Industrial, a produción de hidróxeno renovable, modificacións en unidades e implementación de novas tecnoloxías para reducir emisións CO₂.

Aposta pola economía circular

Repsol está a transformar os seus complexos industriais para utilizar residuos de diferente natureza como materia prima para fabricar, entre outros produtos, combustibles renovables, fundamentais para reducir a pegada de carbono en todos os sectores do transporte. Os biocombustibles xa están dispoñibles no mercado, son parte do noso día a día e xa máis do 10% do combustible que enchemos nas estacións de servizo ten compoñentes bio.

Un destes residuos utilizado como materia prima é o aceite de cociña usado. A recolección de aceite de cociña usado no sector profesional é bastante elevada, pero a maior parte do aceite de cociña usado doméstico aínda non se recupera. Actualmente xéranse unhas 180.000 toneladas deste aceite usado cada ano en España, dos cales se colleitan menos do 5%. Para axudar á concienciación e a correcta xestión deste residuo, Repsol puxo en marcha unha iniciativa para recoller aceite usado doméstico nas súas estacións de servizo. Esta recollida iniciouse na Comunidade de Madrid e a partir deste protocolo de colaboración coa Xunta prevese iniciar a campaña en Galicia antes de final de ano ofrecendo tamén este servizo para a xestión sostible do aceite doméstico.

O Complexo industrial da Coruña leva décadas producindo biocombustibles. En outubro de 2021 procesáronse por primeira vez 500 toneladas de residuos, en concreto aceite de cociña usado para fabricar gasóleo renovable e, dados os bos resultados obtidos, realizáronse importantes investimentos para a produción de forma sostida. No ano 2022 o complexo industrial coruñés utilizou máis de 195.000 toneladas de materia prima bio de distintos tipos para fabricar biocombustibles e este ano está previsto incrementar un 30% o seu uso, ata alcanzar as 265.000 toneladas destes compoñentes. Ademais este verán púxose en marcha unha nova infraestrutura no Complexo Industrial de Repsol que supuxo un investimento de máis de 3 millóns de euros e que permite a recepción continua destes residuos lipídicos a través camións cisterna, engadindo esta nova vía aos que chegaban por barco.

Repsol marcouse o obxectivo de alcanzar a produción de 1,3 millóns de toneladas de combustibles renovables en 2025 e 2 millóns de toneladas en 2030. Para iso, ademais destes proxectos en Galicia, Repsol poñerá en marcha a finais deste ano en Cartaxena a primeira planta da Península que fabricará anualmente 250.000 toneladas de biocombustibles avanzados a partir de residuos, que se sumarán ás 750.000 toneladas que a compañía produce actualmente. Outro proxecto en marcha é a segunda planta de España na que se producirán 240.000 toneladas de combustibles renovables a partir de aceite de cociña usado, residuos procedentes da industria agroalimentaria e outros residuos de aceites vexetais, situada no Complexo Industrial de Puertollano (Cidade Real).

